

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 4 de xuño de 2024 realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do programa "Vigo en Festas" (10136-335) (emenda)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 28 de maio de 2024, na mesma data, concedeuse un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. PREMIUMCOVER, S.L. que, debía presentar novo DEUC, asinado polo seu representante, no que aclarase se acudía a esta licitación con solvencia de terceiros ou non, xa que no DEUC presentado, á pregunta "¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?" do apartado C, da parte II, contesta que non pero presenta Anexo III co compromiso de achega de solvencia da mercantil GESTION TICKETS.ONLINE, S.L. Asemade, en caso de basearse na capacidade deste terceiro, facíase necesario que presentara o DEUC correspondente da mercantil que aporta a solvencia, asinado polo seu representante, tal e como establece a cláusula 14.3.a) do PCAP ("Así mesmo, nos casos nos que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas, deberá incluír o compromiso escrito destas entidades para tal efecto, consonte ao modelo previsto no Anexo III deste prego e cada unha delas deberá presentar un DEUC.").
2. THE TICKET COMPANY, S.L. que debía presentar novo Anexo III asinado polo representante da empresa que vai aportar as solvencias, xa que no presentado non hai constancia dixital da sinatura, presentar o DEUC da mercantil que se presenta a esta licitación, THE TICKET COMPANY, S.L., asinado polo seu representante e presentar novo DEUC da mercantil que aporta a solvencia, NETBERRY SERVICIOS DE INTERNET, S.L., asinado polo seu representante, no que aclarara a resposta á pregunta "¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?" do apartado C, da parte II, xa que, no DEUC presentado, indicaba que si se presenta con terceiros á licitación pero, pola documentación que consta, NETBERRY SERVICIOS DE INTERNET, S.L. é o terceiro que aporta solvencia.

Dos anteriores licitadores, presentaron documentación en prazo os seguintes:

1. PREMIUMCOVER, S.L.
2. THE TICKET COMPANY, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/06/2024 15:18	Páxina 1 de 2
10136-335	CSV: A7AE4F-81E25D-45E749-V93EES-CE3Y8F-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. PREMIUMCOVER, S.L.
 2. THE TICKET COMPANY, S.L.

3. Apertura das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización do sistema de venda de entradas e control de accesos para eventos do programa "Vigo en Festas" (10136-335)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábel mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/06/2024 15:18	Páxina 2 de 2
10136-335	CSV: A7AE4F-81E25D-45E749-V93EES-CE3Y8F-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		